

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA**, **D^a OFELIA REY RECIMIL** **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**, da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONS.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- ESCRITOS DE ESPINA & DELFÍN

1.1.1.- Escrito de ESPINA & DELFÍN S.L., Rexistro de Entrada nº 3504, de data 2 de agosto de 2007, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas entre os días 01 e 31 de xuño de 2007 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Rodríguez Gallardo José	Rúa da Estación 22, 2H (Silleda)
Romeu Carballude Mario	Rúa da Estación, 22-2G (Silleda)

Pacheco Ruza Beatriz	Rúa da Estación, 22-3C (Silleda)
Pereira Castro M Concepción	Rua Venezuela 57 BJ (Silleda)
Barreira Castro Laura	Rúa da Estación, 22-4D (Silleda)
Iglesias Rey María José	Rúa F, s/n- 4F (Silleda)
Alvarez Mariño Juan Carlos	Rúa Outeiro, 8- 4A (Silleda)
Rey Radio Ana	Rúa F s/n- 3 E (Silleda)
Villar Montoto Fernando	Rúa da Estación, 22-2 C (Silleda)
Viéitez Lorenzo Manuel	Rúa F s/n- 3 A (Silleda)
González Caramés Alfonso	Rúa F s/n- 3 B(Silleda)
Viéitez Lorenzo M Luisa Plar	Rúa F s/n- 3 C (Silleda)
Pena Caramés Fernando	Rúa Santa Eulalia 5- 3B (Silleda)
Martínez Conde Eva María	Rúa da Estación, 22-3 I (Silleda)
Rodríguez Leonel Augusto	Rúa Chousa Grande, 11-3 I (Silleda)
Montoto Blanco Luis	Rúa da Estación, 22-3 K (Silleda)
Rodríguez Casal María Mónica	Rúa da Estación, 22-3 D (Silleda)
Comunidad Prop Edif. Carreira I	Rúa da Estación, 22 (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

1.1.2- Escrito de Espina y Delfin, Rexistro de Entrada nº 3380, de data 26 de xullo de 2.007, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, correspondentes ós meses de xaneiro-marzo de 2.007, comunicando ó respecto que de non existir obxección continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedientes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, non existindo obxección pola súa parte.

1.2.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 3395, de data 27 de xullo de 2007, remitindo resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural autorizando á arqueóloga D^a M^a Paz Blanco Sanmartín para a realización do seguimento e control arqueolóxico das obras de construción do Parque Eólico Couto de San Sebastián (A Estrada e Silleda, Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.3.- Escrito de D^a Estella María Leguizamón Sosa, Rexistro de Entrada nº 3494, de data 1 de agosto de 2.007, polo que se solicita se proceda a tapar e cerrar o nicho sito na Igrexa Parroquial de Manduas, propiedade do Bar Bernabé.

Visto que o artigo 9 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións da Lei 15/2004 do 29 de decembro dispón que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade e, en solo rústico, estarán obrigados a realizar as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º.- Requerir ó propietario do citado nicho para que proceda ó arranxo do mesmo á maior brevidade.

2º.- Conceder ó interesado trámite de audiencia polo prazo de dez días para que alegue e presente os documentos que estime pertinentes.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- Devolución de aval.

Escrito de D^o Antonio Pereira Sanluis, en representación de TOPGALICIA, S.L., Rexistro de Entrada nº 1768, de data 26 de abril de 2007, solicitando a devolución da fianzas definitiva das seguintes obras:

- Realización de levantamento topográfico a escala 1/1000, curvas de nivel cada 1 mts. A partir dun voo fotogramétrico de 363 has. do núcleo de Silleda (incluíndo revisión de campo e actualización)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste expediente á Intervención Municipal para que se proceda a devolución da fianza definitiva da mencionada obra.

2.2.- PINTADO DE CALLES DE LOS NÚCLEOS URBANOS DE SILLEDA Y BANDEIRA. PAM 2.006-2.008

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº 1 , presentada en data 26 de xuño de 2.007, con número de rexistro de entrada 2926, de data 30 de abril de 2007, correspondente á obra “Pintado de calles de los núcleos urbanos de Silleda y Bandeira”, do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D. José Pereiras Sánchez en data 31 abril de 2007, e que ascende a un importe de 6.000,00 €, así como a factura desta

certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación Nº 1 da obra obra “Pintado de calles de los núcleos urbanos de Silleda y Bandeira”, do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D. José Pereiras Sánchez

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación e que se describen a continuación:

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe □□□
30042007	2007/A-7001	Señalizaciones De La Cruz, S.L.	6.000,00 □□□

2.3.- PINTADO DE CALLES DE LOS NÚCLEOS URBANOS DE SILLEDA Y BANDEIRA. PAM 2.006-2.008

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº 2 , presentada en data 26 de xuño de 2.007, con número de rexistro de entrada 2928, de data 31 de maio de 2007, correspondente á obra “Pintado de calles de los núcleos urbanos de Silleda y Bandeira”, do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D. José Pereiras Sánchez en data 31 de maio de 2007, e que ascende a un importe de 8.000,00 □□□, así como a factura desta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación Nº 2 da obra obra “Pintado de calles de los núcleos urbanos de Silleda y Bandeira”, do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D. José Pereiras Sánchez

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación e que se describen a continuación:

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe □□□
31052007	2007/A-7002	Señalizaciones De La Cruz, S.L.	8.000,00 □□□

3º.- SUBVENCIONES.-

3.1.- Escrito do Servicio de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3472, de data 1 de agosto de 2.007, remitindo resolución por medio da cal préstase aprobación á certificación dos da obra “Mellora das bibliotecas

locais sociais e outros servicios de : Breixa, Dornelas, Fiestras, Laro, Mánduas, Martixe, Abades, Taboada, Ponte, Escuadro, Moalde, Silleda eBandeira incluída en el Programa de Acción Municipal 2006-08, anualidade 2.007, co número 132/785, e se declara o abono da mesma a favor deste Concello.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas:

4.1.1.- Licencia Nº 2851/05. Visto o expediente instruído a instancia de JOSÉ ANTONIO CALVEIRO NOVO, solicitando Licencia de actividade para reforma de nave cebadeiro porcino, a situar nas fincas nº 267 e 268 , polígono 3, chamadas Barbedo situadas nas proximidades do lugar de A Cruz, parroquia de Cira, Silleda.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeu a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 8 de xuño de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2763, de data 20 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, insalubre e noviva , e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previo ao autorgamento da licenza de actividade a explotación estará en poder do informe favorable do xefe local de sanidade.
 - As fosas deberán ser estancas e en ningún momento poderán existir verteduras directas ou indirectas ao medio natural.
 - Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendente á súa tipoloxía.
 - Cumpríranse os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.
 - A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripci3ns legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.1.2.- Licencia Nº 2998/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Celso Muiños González en representación de GRANJAS MUIÑOS, S.L., en virtude de instancia nº 2.998 de data 18 de xullo de 2006, solicitando Licencia de actividade correspondente a construción dunha fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto da Enxeñeira Técnica Agrícola Dª Susana Cabaleiro Calveiro, visado polo Colexio Oficial en data 17 de xullo de 2006, nº 1090/06, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e xurídico da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, éste Organismo , con data 10 de maio de 2.007 (Rexistro de Entrada nº 2234, de data 24 de maio de 2.007) outorgou a autorización previa á concesión de licenza municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 30 de maio de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2704, de data 15 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, insalubre e nociva , e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previa a licenza de actividade deberá aportar un certificado de estanquidade e

impermeabilidade da fosa. A fosa será cuberta e terá cerre perimetral como indica o proxecto. Os residuos que se xeneren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.1.3.- Licencia Nº 4.916/05. Visto o expediente instruído a instancia de DONA LUCÍA GARCÍA MONTERO, en virtude de instancia nº 4.916 de data 9 de decembro de 2.005, solicitando Licencia de actividade correspondente ampliación dun cebadeiro de polos, a situar na finca denominada Xuncal, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 30 de novembro de 2.005, nº 1.477/05, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e xurídico da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, éste Organismo , con data 13 de decembro de 2.006 (Rexistro de Entrada nº 5324, de data 22 de decembro de 2.006) outorgou a autorización previa á concesión de licenza municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 30 de maio de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2705, de data 15 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Non se producirá en ningún momento do ciclo productivo o almacenamento do esterco, na finca da explotación ou noutras, se non é en lugar específico para elo.
 - Non se utilizará a fosa de cadáveres mentres non o permita a normativa vixente.
 - A explotación terá ventilación forzada e filtros para evitar malos cheiros e non sobrepassará a capacidade máxima da explotación de acordo co Real Decreto 1084/2005, de 16 de setembro, de ordenación de avicultura de carne, normativa que cumprirá en todo momento.
 - A explotación terá pecha perimetral segundo proxecto.
 - Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.
 - A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.1.4.- Licencia Nº 219/06. Visto o expediente instruído a instancia de D. MANUEL COSTA MONTOTO, en virtude de instancia nº 219 de data 18 de xaneiro de 2.006, solicitando Licencia de actividade correspondente construción de fosa de xurro, a situar en estabulación de gando bacón situada no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola D. J Ramón González Rodríguez, visado polo Colexio Oficial en data 13 de xaneiro de 2.006, nº 66/06, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e xurídico da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, éste Organismo , con data 10 de maio de 2.007 (Rexistro de Entrada nº 2242, de data 24 de maio de 2.007) outorgou a autorización previa á concesión de licenza municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 5 de xuño de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2706, de data 15 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A fosa será estanca e en ningún momento poderán existir vertidos directos ó medio natural. Previa a licenza de actividade se acreditará mediante a certificación do técnico responsable a estanquidade e impermeabilidade da fosa de xurro.

Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

A auga de abastecemento procedente do pozo, conte cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo.

A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.2.- Licencias de segregación

4.2.1.- Dase conta da solicitude presentada por DONA M^a JOSEFA PÉREZ GUERREIRO, con domicilio na rúa Xeneral Franco nº 76 de Silleda , Rexistro de Entrada nº 3.111, de data 6 de xullo de 2.007, solicitando segregar en dúas partes o baixo do edificio situado na rúa Venezuela nº 11 de Silleda (Silleda)), segundo proxecto técnico da Enxeñeiro Técnico Agrícola D^a Iria Taboada Pérez, de data 20 de xuño de 2.007, e visado polo Colexio Oficial correspondente en data 3 de xullo de 2.007.

Visto o informe xurídico de data 3 de agosto de 2.007.

Visto o informe emitido polo Asesor-Técnico municipal, de data 3 de agosto de 2007, no que se sinala:

“1º.- O solo no que está ubicado o edificio no que está o baixo que se pretende segregar, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, peresnta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO URBANO

- Calificación do solo: RESIDENCIAL

Ordenanza/Norma de aplicación: Sección 1ª- Odenanza EDIFICACIÓN CERRADA (EC)

2º.- Este baixo, conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, é divisible e cumpre o establecido no mesmo.

3º.- Según o proxecto técnico o baixo que se pretende segregar ten unha superficie en planta de 145,00 metros cadrados e unha altura de 4,09 m.

4º.- *Preténdese segregar en dúas partes dito baixo, que quedaria do seguinte xeito:*

- *Baixo A: Cunha extensión superficial de 97,40 metros cadrados. A fachada á rúa Venezuela mide 4,12 metros. Ten forma de L coa parte máis ampla cara ó fondo do local. Cara á Rúa Venezuela o ancho do local abarca a totalidade da entrada que existe nestes momentos e uns 30 cm. máis que corresponderían á columna que separaría un baixo doutro.*

- *Baixo B: Cunha extensión superficial de 47,60 metros cadrados. A fachada á rúa Venezuela mide 2,90 metros. Ten forma asimétrica, quedando a zona máis estreita do local opla zona que da ó exterior, para o acceso a este local farase unha apertura na fachada sen danar a estrutura do edificio.*

Os baixos resultantes da segregación cumpren coas condicións establecidas no vixente PXOM de Silleda.

Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licencia de segregación solicitada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licencia de segregación solicitada.

4.2.2.- Dase conta da solicitude presentada por OBRATEC, Obras Técnicas de Galicia, S.L., con domicilio na rúa Rodo nº 4 de Lalín, Rexistro de Entrada nº 3506, de data 3 de agosto de 2.007, solicitando segregar en tres partes a finca que ten fronte a rúa Xeneral Franco, números 33,35 e 37, esquina coa rúa República Arxentina e coa Praza do Emigrante, no núcleo urbano de Silleda (Silleda) e agrupar a parcela nº 3 resultante da segregación co local nº3 situado na planta baixa do edificio existente, propiedade de José Rozados Seoane, situado na rúa Xeneral Franco nº 41 (Silleda), segundo proxecto técnico do Arquitecto Técnico D. José Pereiras Sánchez, de data xullo de 2.007, e visado polo Colexio Oficial correspondente en data 1 de agosto de 2.007.

Carecendo o expediente de informe xurídico dado que o devandito expediente non estivo a disposición de secretaría ata o mesmo día de celebración da Xunta de Goberno Local, resultando en consecuencia imposible realizar o preceptivo informe.

Visto o informe emitido polo Asesor-Técnico municipal, de data 3 de agosto de 2007, no que se sinala:

“1º.- O obxecto do presente proxecto é segregar en tres partes a finca que ten fronte a rúa Xeneral Franco, números 33,35 e 37, esquina coa rúa República Arxentina e coa Praza do Emigrante, no núcleo urbano de Silleda (Silleda) e agrupar a parcela nº 3 resultante da segregación co local nº3 situado na planta baixa do edificio existente, propiedade de José Rozados Seoane, situado na rúa Xeneral Franco nº 41 (Silleda)

2º.- Segregación da finca propiedade de OBRATEC, OBRAS TÉCNICAS DE

GALICIA S.L.:

A superficie total da parcela matriz é de 3.212,78 m² (na escritura de agrupación das parcelas que forman a parcela matriz figuran 3.235,00 metros cadrados), e os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Praza do Emigrante e rúa República Arxentina.

Sur: Rúa Xeneral Franco ou estrada N-525 e edificio existente propiedade de José Rozados Seoane e outros.

Este: Solar propiedade de Josefina Troitiño Rozados e edificio existente propiedade de José Rozados Seoane e outros.

Oeste: Rúa República Arxentina e Praza do Emigrante

Parcelas resultantes da segregación da parcela matriz:

Parcela 1 : Cunha superficie de 1.066,43 m² e cos seguintes lindeiros:

Norte: Parcela 2 resultante da segregación

Sur: Rúa Xeneral Franco ou estrada N-525 e parcela 2 resultante da segregación.

Este: Parcela 2 resultante da segregación

Oeste: Rúa República Arxentina e parcela 2 resultante da segregación.

Parcela 2: Cunha superficie de 2.088,66 m² e cos seguintes lindeiros:

Norte: Praza do Emigrante e rúa República de Arxentina, e parcela 1 resultante da segregación

Sur: Rúa Xeneral Franco ou estrada N-525 e edificio existente propiedade de José Rozados Seoane e outros, e parcelas números 1 e 3 resultantes da segregación.

Este: Solar propiedade de Josefina Troitiño Rozados e edificio existente propiedade de José Rozados Seoane e outros, e parcelas números 1 e 3 resultantes da segregación.

Oeste: Rúa República Arxentina e Praza do Emigrante, e parcela 1 resultante da segregación.

Parcela 3: Cunha superficie de 57,69 metros cadrados e sin fronte a ningunha rúa. Esta parcela agrégase neste mesmo acto ó local situado na planta baixa do edificio existente, propiedade de don José Rozados Seoane, descrito como local nº 3 da división horizontal do edificio (situado na rúa Xeneral Franco, nº 41) descrito no expositivo 1 da escritura de adxudicación parcial de herencia, división material, división horizontal e extinción de condominio outorgada polo notario don Juan Cora Guerreiro, co número 754 do seu protocolo. Dito local nº 3 ten unha superficie de 119,00 metros cadrados.

Unha vez agrupada (a parcela 3 resultante da segregación co local nº 3) a superficie

desta parcela-baixo nº 3 é de 176,69 metros cadrados e os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Parcela número 2 resultante da segregación e terreo propiedade de José Troitiño Rozados.

Sur: Rúa Xeneral Franco ou estrada N-525 e portal de entrada

Este: Portal de entrada, local nº 4 e terreo propiedade de José Troitiño Rozados.

Oeste: Parcela número 2 resultante da segregación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de segregación solicitada.

4.3.- Revisión de oficio.

Visto que en data 17 de xullo de 2.007, con número de rexistro de entrada 3.224, presentouse escrito por Dona Julia María Carballo Arceo, interponiendo recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización da rúa Travesa do Campo, adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de agosto de 2.006 e solicitando a inmediata paralización das obras realizadas ó amparo do proxecto de urbanización pola promotora Nova Carballeira 2002, S.L.

Visto que no devandito escrito ponse de manifesto a posible nulidade de pleno dereito tanto do citado proxecto de urbanización como do previo estudio de detalle da rúa Travesa do Campo, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14 de xullo de 2.005 e que non foi obxecto de aprobación definitiva expresa.

Visto que examinados os expedientes tramitados para a aprobación do estudio de detalle e do proxecto de urbanización da rúa Travesa do Campo, a aprobación dos mesmos pola Administración Pública podería estar incurso en nulidade de pleno dereito pola concurrencia en ambos expedientes dunha das causas enumeradas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, cuio apartado f) sinala como nulos de pleno dereito os actos expresos ou presuntos contrarios ao Ordenamento Xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar que se emita informe por Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para, no seu caso, declarar a nulidade de pleno dereito do estudio de detalle da rúa Travesa do Campo, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2.005, así coma do proxecto de urbanización sobre a mesma rúa, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2.006.

4.4.- Reposición da legalidade.

Visto o informe da policía local elaborado en data 24 de xullo de 2.007, no que se poñía en coñecemento da Alcaldía determinados actos que puidesen facer necesario que se

inicie procedemento para repoñer a legalidade urbanística con referencia a construción dunha base de formigón e posterior anclaxe, sobre a mesma, dun silo metálico destinado a almacenaxe de pienso, sito no lugar de Galán, parroquia de Laro, por parte de Dona Rosa María Rodríguez Pereira.

Visto que consultado o arquivo municipal, resulta que a construción sinalada carece da preceptiva licenzia municipal.

Visto o informe de secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para reposición da legalidade.

Visto o informe técnico elaborado polo arquitecto D. José Luis Rodríguez González, de data 24 de xullo de 2.007, que literalmente dí o seguinte:

“A requerimento dos servizos xurídicos deste Concello, personeime ás 12:00 horas do día 17 de xullo de 2007, no lugar de Galán, na parroquia de Laro (Silleda), onde puden comprobar visualmente que:

1º- Constatouse que se levou a cabo a construción-instalación dun silo metálico sobre base de formigón, encontrándose executado a aproximadamente un metro do linde da parcela. A altura do mesmo non se pode determinar.

2º- Verificados os arquivos municipais, resulta que a obra levada a cabo, non ten a perceptiva licenzia municipal.

3º- O solo no que está ubicado a presente construción, ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

- Ordenanza de aplicación: Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

4º- Según o artigo 42.1.d), da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002:

“Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.”

5º- Polo tanto, en base ó que poiden comprobar durante a visita e visto o informe emitido polo xefe da policía local deste Concello en data 07-xullo-2007, o técnico que suscribe estima oportuno informar, que a obra executada non cumpre coas distancias mínimas esixidas según a lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio

Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, sendo esta a miña opinión que gustosamente someto a outra mellor fundada.”

Visto que, de conformidade co sinalado no informe técnico, non é posible a legalización das obras referidas.

De conformidade coas facultades conferidas en virtude do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanismo e Protección do Medio Rural, e o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais de construción-instalación dun silo metálico sobre base de formigón de que se realizaron por Dona Rosa María Rodríguez Perira, no inmovible sito no lugar de Galan nº 3, Laro, desta localidade, por no ser legalizables, conforme se establece no artigo 210 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.

SEGUNDO. Notificar ós interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando para elo un prazo de dez días hábiles.

TERCEIRO. Transcorrido o anterior prazo e cumprido o trámite de audiencia ós interesados, ordenar a Dona Rosa María Rodríguez Pereira para que no prazo de sete días proceda á demolición da construción e instalación executada, repoñendo os bens afectados ao seu estado anterior, xa que os actos realizados son incompatibles co planeamento urbanístico. Advertindo que, se non se executase, o fará esta Administración, previo apercibimento, con carácter subsidiario.

4.5.- Execución de sentenza/ Orde de demolición

Visto que por resolución de alcaldía, de data 4 de xullo de 2.007, acordouse iniciar o procedemento de execución da sentenza nº 1225/2000 dictada pola sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia en data 27 de xullo de 2.000.

Visto que no fallo da citada sentenza se declara que debe procederse á demolición do edificio litixioso no necesario para que a súa altura non exceda de 15,80 metros e a planta de soto destinada a garaxe cumpla as prescipcións do PXOM e que a tales efectos este Concello deberá requirir ós propietarios dos áticos e da planta soto do edificio litixioso para que procedan á presentación dos correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe respectivamente.

Visto que a efectos de dar cumprimento á devandita sentenza dispúxose que por parte do arquitecto municipal se procedera a determinar o prazo que deberá concederse ós propietarios do edificio litixioso para a presentación neste concello dos correspondentes

proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe respectivamente

Visto o informe emitido polo arquitecto asesor municipal, de data 17 de xullo de 2.007, polo que se dipón que deberá concederse ós propietarios do edificio litixioso un prazo de un mes para a presentación dos citados proxectos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1.- Requerir a D. Luis Moreira Matos, a Dona Esther Moreira Matos e a D. Antonio José Calveiro Alcobre, como propietarios dos baixos e da última planta do edificio sito no lugar de Bandeira, entre a rúa Xeral e o Calexo da Empanada, afectado pola sentenza nº 1225/2000 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, en data 27 de xullo de 2.000 para que dentro do prazo de un mes, presenten neste Concello os correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe e soliciten as correspondente licencias municipais.

Se transcorrido o prazo de un mes desde o requirimento os interesados non solicitasen a oportuna licencia, acordarase a contratación do proxecto e a realización das obras de demolición e legalización pola Administración, con carácter subsidiario, previo apercebimento e a costa dos interesados.

2.- Notificar este Acordo ós interesados indicando os oportunos recursos administrativos.

5º.- INTERVENCIÓN.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte relación de facturas e proceder o recoñecemento das obrigas correspondentes:

EXPLICACIÓN DO GASTO	IMPORTE □□□
LÓGICA EQUIPAMIENTOS SUR, S. L., FRAS . FM07/139 E F M07/112 BIBLIOTECAS E LOCAIS SOCIAIS	19.521,00
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, APORTACIÓN 25% CONTRATACIÓN OFICIAL PINTOR	2.446,29
CARMEN MIRANDA POSSE, FRA. 07/07 HONORARIOS CIM XULLO	696,00
BAR MARACAIBO, FRA. AUGAS	11,20
RESTAURANTE RICARDO, FRA. 1917 ROMARÍA DO RAPAZ	24,00
MARGARITA BERNARDEZ MATOS, FRA. 0006 ROMARÍA DO RAPAZ	17,00
EMPRESA CUIÑA, S. L., FRA. 6038 TRANSPORTE LARO XUÑO	822,96

LIBRERÍA PILY, C. B., FRA. 172 ROMARÍA DO RAPAZ	130,83
ARTISTAS A LA CARTA, S. C., FRA. 1160/2007 ROMARÍA DO RAPAZ	1.670,40
ALVARO DOCAL ESPÍNEIRA, FRA. A 213 MATERIAL	1.192,75
RIBEIRART, S. L., FRA. 041-2007 ROMARÍA DO RAPAZ	1.624,00
HOTEL RAMOS, FRA. 365-07 ROMARÍA DO RAPAZ	113,96
JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ IGLESIAS, FRA. CR7/0000392	47,20
HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, FRAS. SE-22/07, 14542, 13462, SE-26/07,	565,48
HÉCTOR ÁNGEL BARRERA, FRAS. 05/07 E 06/07 CLASES DE TEATRO	704,10
NEUMÁTICOS TATO, S. L., FRA. 1022	58,00
CEPSA CARD, S. A., FRA. S61103814	476,35
ELÉCTRICA DE GRES, FRAS. 840/07, 858/07, 862/07, 863/07, 864/07 E 873/07	412,10
REPSOL BUTANO, S. A., DIFERENCIA FRA. 1010682485	41,83
TOTAL	30.987.55

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,